



*CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO
CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO
Rúa do Progreso nº 30, OURENSE (Pazo da Deputación Provincial)*

MEMORIA

**SOBRE OS ASPECTOS SOCIAIS, XURÍDICOS, ECONÓMICOS,
TÉCNICOS E FINANCEIROS DA XESTIÓN DO SERVIZO DE
EXTINCIÓN DE INCENDIOS E DE SALVAMENTO DO CONSORCIO
PROVINCIAL DE OURENSE.**



ÍNDICE

1.	Antecedentes.....	4
2.	Constitución do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento	6
3.	Denominación e obxecto do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de Salvamento	7
4.	Réxime xurídico do Consorcio Provincial de Ourense.....	8
5.	Órganos de Goberno do Consorcio Provincial de Ourense	8
6.	Recursos e financiamento do Consorcio Provincial de Ourense	11
7.	Adscrición	11
8.	Integración dos consorcios comarcais no Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de Salvamento	12
9.	As formas de xestión dos servizos públicos no marco xurídico vixente..	13
10.	Inicio da prestación do servizo do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de Salvamento	16
11.	Xestión indirecta do servizo público de intervención en emerxencias dependente do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento.....	17
12.	Comisión político- técnica: composición, funcionamento e función do traballo.....	19
13.	Integración do persoal afecto ao servizo. a subrogación dos traballadores.....	22
14.	Aspectos económicos e financeiros.....	38
15.	Opción da xestión directa polo propio Consorcio	40



16. Conclusións 44

ANEXO I

Relación de persoal a subrogar 47



1.- ANTECEDENTES.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, no seu artigo 26, atribúelles ás deputacións provinciais competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias, entre as que se atopa "Garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos propios, por non resultar obrigados ou haber obtido dispensa destes".

Na disposición adicional terceira, sinala que "A Xunta impulsará a creación dos consorcios provinciais en cuxa xestión e financiamento participen as deputacións e municipios de mais de 20.000 habitantes que non teñan parque propio e a propia Xunta de Galicia", engadindo a disposición adicional terceira que "Os consorcios e demais entidades locais de cooperación contemplados na presente Lei constituiranse no prazo de tres anos a partir da súa entrada en vigor".

A necesidade de dar unha resposta eficaz deste servizo fixo necesaria unha organización adecuada deste en todo o territorio galego. Así, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense consideraron que a forma máis eficaz e eficiente de xestionar os distintos parques comarcais é a través dun único consorcio, e consideraron esta fórmula como a organización idónea para facilitar a integración tanto dos actuais consorcios comarcais de Valdeorras, Verín, A Limia e O Carballiño-O Ribeiro xa existentes, como daqueles outros que se puidesen integrar, constituír ou equipar ao abeiro dos seus estatutos.

En consecuencia, considerouse a situación específica da provincia de Ourense, que contaba xa con catro consorcios comarcais, que foron disoltos para a súa integración no consorcio provincial, e achegaron cada un os medios técnicos e os recursos con que contaban nese preciso momento.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 27 de setembro de 2012, acordou participar no Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, segundo o disposto no artigo 196.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A Deputación de Ourense, na súa reunión do 26 de outubro de 2012, acordou participar no Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, segundo o disposto no artigo 196.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.



A Disposición final segunda da Lei 27/2013, modificou á Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico de las administracións públicas e do procedemento administrativo común, incluíndo unha nova disposición adicional vixésima, na que se indicaba que os estatutos de cada consorcio determinarán a administración pública á que estará adscrito o consorcio, así como o seu réxime orgánico, funcional e financeiro. Con posterioridade ditouse a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, indicando prazos para a adaptación dos estatutos en vigor.

A vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, regula os consorcios nos artigos 118 a 127. O artigo 118 os define como entidades de dereito público, con personalidade xurídica propia e diferenciada, creadas por varias administracións públicas ou entidades integrantes do sector público institucional, entre si ou con participación de entidades privadas, para o desenvolvemento de actividades de interese común a todas elas dentro do ámbito das súas competencias. E o artigo 120 indica, respecto ao seu réxime de adscrición, que os estatutos de cada consorcio determinarán a administración pública á que estará adscrito.

Así a anterior normativa legal e a xurisprudencia incluíron entes no territoriais, como os Consorcios locais, no ámbito da administración local. Sen embargo na actualidade tras a aprobación da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, e vista a xurisprudencia actual, tal consideración desapareceu en razón da e súa adscrición a unha Administración Pública, o que comporta a súa consideración de sector público institucional (STS 1341/2019, do 09/10/2019, ECLI:ES:TS:2019:3283).

Neste sentido, de acordo cos seus estatutos, para o cumprimento dos seus fins o consorcio conta con patrimonio propio e desenvolverá a súa actividade conforme un orzamento independente. O orzamento anual do consorcio financiarase cos recursos sinalados nos estatutos, entre os cales destacan as taxas, contribucións especiais e prezos públicos que o propio consorcio estableza, como recoñecemento da potestade tributaria que a entidade pode ter de acordo coa lexislación aplicable. Unha vez determinada a contía dos ingresos procedentes doutras fontes, o financiamento do resto do orzamento distribuirase entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense de acordo coas porcentaxes fixadas nos estatutos.

A elaboración e aprobación dos estatutos do Consorcio fíxose segundo as normas de procedemento establecidas nos artigos 137 e seguintes da citada Lei 5/1997.



2.- CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense, na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, adoptou o acordo da aprobación definitiva do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra incendios e de salvamento.

En aplicación do artigo 196 da Lei 5/1997, por proposta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo da deliberación, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do trinta de abril de dous mil quince, aprobou os estatutos do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, cuxo texto se recolle como anexo do decreto número 67/2015, de 30 de abril.

Este decreto número 67/2015, de 30 de abril, polo que se aproban os estatutos do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra incendios e de salvamento, entrou en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segundo determina o artigo 1 dos seus estatutos, ao abeiro do establecido na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, artigos 196 e concordantes, así como na demais lexislación vixente, e para cumprir co establecido nas disposicións adicional terceira e transitoria terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, constituíuse o Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense.

O Consorcio constituíuse voluntariamente e por un período de tempo indefinido. Ten carácter administrativo e personalidade xurídica propia e independente das entidades que o integran, así como capacidade xurídica para o cumprimento dos fins estatutarios. O Consorcio conta con patrimonio propio e desenvolverá a súa actividade conforme un orzamento independente.

O Consorcio está suxeito ao réxime de orzamentación, contabilidade e control da administración pública á que está adscrito, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. O orzamento do Consorcio Provincial forma parte dos orzamentos e inclúese na conta xeral da administración pública de adscrición como anexo.

A sede do Consorcio será a da Deputación de Ourense, na cal se integra.



Mediante acordo do Pleno do Consorcio poderá modificarse o domicilio fixado no punto anterior ou desenvolver as reunións en lugar distinto ao do seu domicilio.

3. – DENOMINACIÓN E OBXECTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.

A denominación deste consorcio será a de Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Constitúe o obxecto do Consorcio a execución das competencias do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento que se lles atribúen na lexislación vixente aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación e, de ser o caso, a creación dunha rede de parques que garanta a prestación homoxénea do servizo, por calquera das modalidades de xestión previstas na lexislación.

Entre os fins do Consorcio estará a colaboración cos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens; a prevención e extinción de incendios; a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco; e o asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten a persoas, a edificacións e a instalacións, así como o fomento da auto protección.

Para a súa disolución atenderase ao previsto nos artigos 143 e 144 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como nos artigos 12 a 15 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Segundo determina o artigo 5 dos seus estatutos, o ámbito de actuación deste consorcio será toda a provincia de Ourense, coas seguintes precisións:

- a) Con independencia do ámbito provincial do Consorcio, este poderá establecer as áreas de actuación preferente de cada parque de bombeiros, atendendo basicamente aos tempos de resposta en función das comunicacións por estrada do parque.
- b) Excepcionalmente, a Axencia Galega de Emerxencias, a través do Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia poderá solicitar, de acordo co protocolo que se estableza para o efecto, a actuación do Consorcio fóra da provincia de Ourense cando as circunstancias o requiran.



Neste caso, o titular da Presidencia ou persoa en quen delegue deberá autorizar esta actuación, agás en casos de risco inminente, valorado pola Axencia Galega de Emerxencias, nos cales non será imprescindible a dita autorización. Neste caso estableceranse as compensacións económicas que procedan.

c) No caso de activación de plans de emerxencia da Comunidade Autónoma, tanto territoriais como especiais, o ámbito de actuación será o fixado mediante as directrices do director do plan activado.

d) O Consorcio asume o exercicio das competencias das entidades consorciadas cando a lexislación vixente obrigue a estas ao cumprimento dos fins expresados nestes estatutos.

e) Quedan excluídos do ámbito de actuación deste consorcio aqueles concellos de máis de 20.000 habitantes nos cales se preste o servizo de extinción de incendios e salvamento con persoal propio e teñan parque de bombeiros de seu, tanto de tipo local como comarcal, agás que o Pleno do Consorcio Provincial acorde a cooperación con eles mediante os oportunos convenios de colaboración.

4.- RÉXIME XURÍDICO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE.

1. Sen prexuízo do establecido nos seus estatutos, entenderase tamén de aplicación, cando así proceda, o disposto tanto na normativa básica de réxime local como na Lei de administración local de Galicia, na Lei de emerxencias de Galicia e demais normativa que, se é o caso, se dite no seu desenvolvemento.

2. O Consorcio regulará o réxime interno e de funcionamento dos seus propios servizos, de acordo cos seus estatutos, coa lexislación do réxime local e do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e daqueloutra que lle sexa de aplicación.

5.- ÓRGANOS DE GOBERNO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE.

Os órganos de goberno e de dirección do Consorcio son os seguintes:

- Pleno.
- Presidencia.
- Vicepresidencia.



– Consello Asesor.

Segundo o exposto no artigo 8 dos estatutos, o Pleno do Consorcio, máximo órgano colexiado deste, estará integrado por:

– A persoa titular da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense ou deputado/a en quen delegue.

– A persoa titular da consellería con competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias ou persoa en quen delegue.

– Dous representantes da Deputación Provincial designados por esta.

– Dous representantes da Xunta de Galicia designados pola consellería con competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

Con voz, pero sen voto, asistirán:

– O persoal funcionario que desempeñe as funcións de secretario/a e interventor/a do Consorcio.

– A persoa titular da Xerencia do Consorcio.

Na designación dos membros deste órgano atenderase, na medida do posible, ao principio de paridade, procurando unha representación equilibrada de homes e mulleres, segundo o previsto na Lei 7/2004, para a igualdade de homes e mulleres na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Por petición da maioría dos membros con voto do Pleno do Consorcio poderán convocarse, con voz pero sen voto, e coa única finalidade de obter información e asesoramento para casos concretos, os responsables técnicos e membros das administracións ou de entidades públicas ou privadas que se xulguen oportunas.

Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos, sen prexuízo do establecido no artigo 19.1.

A persoa titular da Presidencia do Consorcio será elixida polo Pleno, por maioría absoluta do número legal dos membros do Consorcio. De igual xeito, será elixida a persoa titular da Vicepresidencia.

Os cargos da Presidencia e Vicepresidencia renovaranse cada vez que se renoven os cargos das administracións consorciadas como consecuencia da realización de eleccións ou outros cambios que se produzan nelas e que así o fixese necesario.



A Presidencia exercerá as competencias que se lle atribúen nos seus estatutos.

As competencias da Presidencia serán exercidas pola Vicepresidencia nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e nos demais que regulamentariamente proceda.

Consello Asesor do Consorcio.

1. Para asesoramento e informe das materias que se determinen créase un Consello Asesor integrado do seguinte xeito:

- Presidencia: titular da Presidencia do Consorcio ou membro do Pleno en quen delegue.
- Vicepresidencia: titular da Vicepresidencia do Consorcio ou membro do Pleno en quen delegue.
- Unha persoa en representación de cada concello onde se instalen os parques que se integren no Consorcio.
- Dous representantes da Xunta de Galicia designados pola consellería con competencia en materia de atención ás emerxencias.
- Dous representantes da Deputación Provincial de Ourense designados pola súa Presidencia.
- Dous representantes por proposta da asociación de municipios maioritaria na provincia de Ourense.

2. Na designación dos membros deste órgano atenderase, na medida do posible, ao principio de paridade, procurando unha representación equilibrada de homes e mulleres, segundo o previsto na Lei 7/2004, para a igualdade de homes e mulleres na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

As funcións de secretario/a do Consello Asesor corresponderanlle á persoa titular da Secretaría do Consorcio, de acordo co previsto no artigo 16 dos estatutos.

Cesamento dos membros do Pleno e do Consello Asesor poderán cesar por acordo do mesmo órgano que os nomeou, ou pola perda da condición de membro da institución que representen. Neste último caso, permanecerán en funcións ata que regulamentariamente se nomeen os novos membros.



6.- RECURSOS E FINANCIAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE.

Tal e como sinala o artigo 21 dos Estatutos, os recursos do Consorcio serán os seguintes:

Para o cumprimento dos seus fins, o Consorcio disporá do seu propio orzamento, que estará integrado polos seguintes recursos:

- a) As achegas dos entes consorciados.
- b) As subvencións e outros ingresos de dereito público.
- c) As taxas, contribucións especiais e prezos públicos fixados de acordo coa lei.
- d) Ingresos de dereito privado e os bens adquiridos polo Consorcio que se integran no seu patrimonio.
- e) O produto de operacións de crédito.
- f) Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído de acordo coa lexislación vixente.

O financiamento do Consorcio provincial de Ourense, conforme co exposto no artigo 22 dos Estatutos, será:

1. O orzamento anual do Consorcio financiarase no seu estado de ingresos cos recursos sinalados no artigo anterior. Unha vez determinada a contía dos ingresos procedentes doutras fontes de financiamento distintas das achegas dos entes consorciados, o financiamento do resto do orzamento distribuirase de acordo coas seguintes porcentaxes:

- Xunta de Galicia: 62,5 %.
- Deputación Provincial de Ourense: 37,5 %.

7.- ADSCRICIÓN.

O Consorcio adscríbese á Deputación Provincial de Ourense, conforme co establecido nos seus propios estatutos e no artigo 120 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e de acordo coa disposición última segunda da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.



8. INTEGRACIÓN DOS CONSORCIOS COMARCAIS NO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.

Con data 8 de maio de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 67/2015, de 30 de abril, a aprobación dos Estatutos do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra Incendios e de Salvamento, constituíndose o 30 de xullo de 2015.

De conformidade co establecido na Disposición Transitoria 1ª dos seus Estatutos, no prazo máximo de tres meses dende a súa entrada en vigor, os consorcios comarcais de Valdeorras, Verín, A Limia e O Carballiño-O Ribeiro deberían desenvolver a correspondente sesión plenaria para a súa disolución e integración no Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra Incendios e de Salvamento, achegando os medios técnicos e os recursos cos que contén. Os bens, dereitos e obrigas contractuais vixentes asumidas polos consorcios comarcais, logo da súa integración, quedarán asumidos polo Consorcio Provincial.

Pola súa banda, a Disposición transitoria segunda establece que *"como consecuencia do proceso de integración anterior, o Consorcio Provincial asume os bens, dereitos e obrigas contractuais dos citados consorcios comarcais, así como o persoal de xerencia existente, polo que resolverá o que proceda respecto da integración deste persoal a través da creación das correspondentes relacións de postos de traballo no seu cadro de persoal, acorde coas existencias da configuración territorial que abrangue no ámbito de actuación dos parques de bombeiros"*.

O Pleno do **Consorcio Comarcal contra incendios e de Salvamento da Limia**, na sesión extraordinaria do día 23 de novembro de 2015, acordou o inicio do proceso de disolución, e a cesión de activos e pasivos que integran o patrimonio do Consorcio comarcal ao Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra Incendios e de Salvamento a 31 de decembro de 2015.

Os órganos do Consorcio Comarcal quedaron disoltos o 1 de xaneiro de 2016.

O Pleno do **Consorcio contra Incendios e de Salvamento das comarcas do Carballiño e do Ribeiro**, na sesión extraordinaria realizada o día tres de decembro de 2015, adoptou entre outros, o acordo da disolución do Consorcio comarcal con efectos dende o 1 de xaneiro de 2016, e a cesión de activos e pasivos que integran



o patrimonio do Consorcio comarcal ao Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra incendios e de Salvamento a 31 de decembro de 2015.

O Pleno do **Consorcio contra Incendios e Salvamento da comarca de Valdeorras**, na sesión ordinaria realizada o 23 de novembro de 2015, adoptou, entre outros, o acordo da disolución do Consorcio contra Incendios e Salvamento da comarca de Valdeorras, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2016, e a cesión de activos e pasivos que integran o patrimonio do Consorcio comarcal ao Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra incendios e de Salvamento a 31 de decembro de 2015.

O Pleno do **Consorcio para o Servizo contra Incendios e de Salvamento da comarca de Verín**, na sesión extraordinaria realizada o 23 de novembro de 2015, acordou entre outros, o acordo da disolución do Consorcio para o Servizo contra Incendios e de Salvamento da comarca de Verín, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2016, e a cesión de activos e pasivos que integran o patrimonio do Consorcio comarcal ao Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra incendios e de Salvamento a 31 de decembro de 2015.

A disolución de todos os consorcio comarcais, implicou, na súa data de efecto, a cesión global ao Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento, da totalidade de activos e pasivos que integran o patrimonio dos consorcios comarcais a 31 de decembro de 2015. O Consorcio Provincial subrogouse de xeito automático na totalidade de contratos e relacións xurídicas dos consorcios comarcais existentes a 31 de decembro de 2015, incluídas aquelas que sexan recoñecidas ou declaradas, administrativa ou xudicialmente, con posterioridade sempre que os supostos de feito determinantes da súa produción existisen xa a 31 de decembro de 2015.

9.- AS FORMAS DE XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS NO MARCO XURÍDICO VIXENTE.

Antecedentes.

Na lexislación do século XX as diversas formas de xestión dos servizos públicos se sistematizan e validan, se ben xa foron aparecendo na lexislación sectorial de obras e servizos ao longo do S. XIX.



Pola súa importancia é de capital importancia destacar o texto articulado e refundido das Leis de bases de réxime local de 17 de xullo do 1945 e de 3 de decembro de 1953, que se aproban por Decreto de 24 de xuño de 1955, as cales foron complementadas polo importante Regulamento de servizos das corporacións locais, verdadeiro código dos servizos públicos, que foi aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

Este regulamento de servizos, que transcende do mundo local, establece por primeira vez a gran ordenación de todas as técnicas de xestión dos servizos públicos, definindo a regulamentación xurídica básica de cada técnica que inclúe e establecendo criterios xurídicos e interpretativos do réxime da actividade de servizos das administracións publicas. Agora ben, o dito regulamento, que admitía unha política de municipalización ampla, foi profundamente afectado por decisións liberalizadoras da economía.

Así na doutrina Albi, (Tratado dos modos de xestión das corporacións locais. Ed. Aguilar 1960), indicaba que debe entenderse por modos de xestión, a serie sistemática de fórmulas legais, de carácter orgánico, funcional e financeiro, ás cales ha de axustarse a actividade da administración pública para realizar os seus fins peculiares, mediante a localización de porcións da competencia en estruturas adecuadas, sometidas a un réxime xurídico especial.

Así pois os servizos públicos locais, que son os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias, poden xestionarse con carácter xeral en réxime de xestión directa ou indirecta, as cales haberán de xestionarse da forma máis sostible e eficiente.

Réxime legal.

A xestión directa dos servizos públicos de competencia local implica a asunción da xestión polos órganos ordinarios da Corporación local ou por organismos exclusivamente dependentes dela e, segundo o artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, haberán de xestionarse da forma máis sostible e eficiente de entre as enumeradas a continuación:

- a) Xestión pola propia entidade local.
- b) Organismo autónomo local.
- c) Entidade pública empresarial local.
- d) Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.



Só poderá facerse uso das formas previstas nas letras c) e d) cando quede acreditado mediante memoria xustificativa elaborada para o efecto que resultan máis sustentables e eficientes que as formas dispostas nas letras a) e b), para o que se deberán ter en conta os criterios de rendibilidade económica e recuperación do investimento. Ademais, deberá constar no expediente a memoria xustificativa do asesoramento recibido que se elevará ao Pleno para a súa aprobación onde se incluírán os informes sobre o custo do servizo, así como o apoio técnico recibido, que deberán ser publicitados. Para estes efectos, solicitarase informe do interventor local quen valorará a sustentabilidade financeira das propostas expostas, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Necesariamente han de xestionarse mediante xestión directa os servizos que impliquen exercicio de autoridade con base nos artigos 85 Lei 7/85, de 2 de abril, 43 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais e 95 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Pola súa banda, a xestión indirecta pode realizarse mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no Texto refundido de contratos do sector público (artigo 85.2.B) da Lei 7/85), previsión superada actualmente coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, que regula como figura para a xestión indirecta dos servizos públicos o contrato de concesión de servizos, definido como aquel en cuxa virtude un ou varios poderes adjudicadores encomendan a título oneroso a unha ou varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia, e cuxa contrapartida veña constituída ben polo dereito a explotar os servizos obxecto do contrato ou ben por dito dereito acompañado do de percibir un prezo. O dereito de explotación dos servizos implicará a transferencia ao concesionario do risco operacional (artigos 15 e 284 a 297 da Lei 9/2017).

A inexistencia deste risco operacional é precisamente o que imposibilitaría cualificar un novo contrato para a prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento como de concesión de servizos, xa que logo o contratista non adquire o risco empresarial de explotación do servizo ao recibir unha retribución a tanto alzado que é independente da maior ou menor actividade real que asuma. Iso implica que o



contrato tería a consideración de servizos, coas limitacións de duración, entre outras, que leva consigo.

Estas modalidades de xestión previstas pola normativa de réxime local para a xestión dos servizos públicos son as mesmas ás que pode optar calquera administración cando en exercicio da iniciativa pública da administración recoñecida pola Constitución e a Lei 7/85, desenvolve calquera tipo de actividade que redunde en beneficio dos intereses da provincia, aínda que non se configure esta como servizo público.

A prestación dos servizos pola propia administración configúrase como a regra normal ou usual a cal será posible cando aquela dispoña dos medios adecuados para levala a cabo. Esta regra, que obedece a unha interpretación lóxica do funcionamento da administración pública, é ratificada na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cando no seu artigo 116.4 e) e f) se exige que no expediente de contratación se xustifiquen os seguintes extremos:

- a necesidade da administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes.
- a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional.
- nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

10.- INICIO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.

O Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra Incendios e de Salvamento iniciou o seu funcionamento coa integración dos catro consorcios comarcais de Valdeorras, Verín, A Limia e O Carballiño- Ribeiro.

O Consorcio Provincial asume os bens, dereitos e obrigas contractuais dos consorcios comarcais, do persoal de xerencia existente, integrándoo na correspondente relación de postos de traballo do Consorcio Provincial.

O Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra Incendios e de Salvamento, **comezou a súa actividade o 1 de xullo de 2016.**



11.- XESTIÓN INDIRECTA DO SERVIZO PÚBLICO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS DEPENDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.

O Pleno do Consorcio Provincial, na sesión realizada o 29 de setembro de 2016, acordou entre outros, adoptar como forma de xestión do servizo público de Intervención en emerxencias a xestión indirecta, aprobando o expediente de contratación número 3/2016, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación en tramitación ordinaria, motivado pola imposibilidade da Deputación Provincial de Ourense de realizar a xestión do servizo da maneira máis sostible e eficiente, ao non dispor nin de medios técnicos, nin de persoal adecuado para levala a cabo.

Para manter a continuidade e o normal funcionamento deste servizo público, acordouse polo Pleno do Consorcio Provincial, na sesión realizada o 29 de setembro de 2016, que se subroga en todos os dereitos e nas obrigas que se deriven dos contratos coas empresas xestoras dos consorcios comarcais que se integran no provincial, ata o inicio da prestación do servizo pola empresa adxudicataria do servizo de intervención en emerxencias do Consorcio Provincial.

O 20 de xaneiro de 2017, asínase o contrato coa empresa adxudicataria VEHICULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, SL (VEICAR) cuxo obxecto é a prestación do servizo de intervención en emerxencias nos parques do Carballiño-Ribeiro, Valdeorras, A Limia e Verín.

O prazo de execución é de catro anos contados a partir do día seguinte ao da formalización do contrato, sendo susceptible de prórroga por períodos dun ano por acordo expreso do Consorcio Provincial, ata un máximo de 6 anos (incluída a duración inicial do contrato).

Agora ben, por Decreto do Presidente do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, de data 16 de xaneiro de 2017, estableceuse como data de inicio da prestación do servizo nos parques comarcais de Valdeorras, A Limia e Verín, o 1 de febreiro de 2017 e o inicio da prestación do servizo no Parque Comarcal do Carballiño-O Ribeiro, fora tras iniciar o proceso de selección do persoal do citado parque. Neste parque a prestación comezou o 1 de xuño de 2017. Todo iso segundo o previsto na cláusula 6ª do prego de cláusulas administrativas particulares que establecía:



« O prazo inicial de duración do contrato será de 4 (catro) anos, contados a partir da data de inicio da prestación efectiva do servizo, que será o 1 de outubro de 2016, agás que o Consorcio, de oficio ou a solicitude do contratista, e por causa debidamente motivada, estableza unha data diferente.

O contrato poderá prorrogarse por períodos dun ano, sen que a duración total do contrato poida superar o tope máximo legal de 6 (seis) anos.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación, de forma expresa para cada anualidade, debendo comunicárselle ao contratista antes do seu inicio, e será obrigatoria para o empresario.

Non obstante o anterior, o contratista, de non estar interesado na prórroga do contrato deberá denuncia-lo por escrito suscrito e asinado polo seu representante legal e presentado no Rexistro Xeral do Consorcio cunha antelación mínima de seis meses á data prevista de finalización do contrato (prazo inicial ou prorrogado, de se-lo caso). Transcorrido ese prazo sen expresar a oposición á prórroga, esta, en caso de acordarse, será obrigatoria para o contratista».

Con data 16 de marzo de 2021, o Pleno do Consorcio Provincial de Ourense, acordou prorrogarlle o contrato do servizo de intervención en emerxencias dos parques comarcais de Verín, A Limia, Valdeorras e O Carballiño- O Ribeiro, á empresa VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERIAS PRIETO PUGA (VEICAR), SL, con NIF: B15134182, polo prazo dun (1) ano, a contar dende o 1 de febreiro de 2021 ata o 1 de febreiro de 2022. Posteriormente, con data 26 de xaneiro de 2022 o Pleno do Consorcio Provincial de Ourense, acordou prorrogarlle o contrato do servizo de intervención en emerxencias á citada empresa, polo prazo dun (1) ano, a contar dende o 1 de febreiro de 2022 ata o 1 de febreiro de 2023, con suxeición ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen o contrato, así como á oferta presentada polo adxudicatario. Enténdese incluídos nestas prórrogas os materiais que o Consorcio lle entregou en uso ao contratista, así como aqueles que se incorporaron durante a vixencia do contrato. O servizo continuou prestándose nas mesmas condicións e prezo nas que se viña realizando.

Polo tanto, en virtude do previsto na cláusula 6ª do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de intervención en emerxencias do Consorcio Provincial de Ourense do Servizo contra Incendios e de



Salvamento, que rexe o dito contrato, a súa finalización prodúcese o día 1 de febreiro de 2023, sen posibilidade da súa prórroga.

12.- A COMISIÓN POLÍTICO-TÉCNICA: COMPOSICIÓN, FUNCIONAMENTO E FUNCIÓN DE TRABALLO.

O artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece, tal e como se indicou, que os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse da forma máis sostible e eficiente de entre as numeradas nel.

Co fin de acreditar a forma máis sostible e eficiente de xestionar o servizo de prevención e extinción de incendios, procede a creación dunha Comisión para a realización da memoria xustificativa segundo a regulación prevista nos artigos 97 e seguintes do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo o que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, para o exercicio de actividades económicas polas entidades locais.

Na sesión do Pleno do Consorcio realizado o 2 de xullo de 2020 adoptouse o acordo de iniciar o expediente para a determinación da forma máis sostible e eficiente de xestionar o servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento por parte deste Consorcio Provincial.

Neste mesmo punto acordouse iniciar os trámites para a constitución dunha Comisión de estudo para a realización da memoria xustificativa segundo a regulación prevista nos artigos 97 e seguintes do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, con respecto á forma de xestión do servizo de intervención en emerxencias (contra incendios e de salvamento) do Consorcio Provincial de Ourense.

De tal xeito, o 7 de xullo de 2020, noméase a Comisión de Estudo mediante resolución de Presidencia número 2020/8309, composta por membros corporativos e persoal técnico. A composición da Comisión será a seguinte:

Membros corporativos,

- D. Pablo Pérez Pérez
- D. Armando Ojea Bouzo

Persoal técnico,



- D.^a Mónica Legaspi Díaz
- D.^a Begoña Álvarez Matos
- D.^a Paloma Domínguez Ferro.

Unha vez presentada a renuncia dun membro da corporación o 2 de novembro de 2020 (Resolución 2020/ 13165) , a comisión pasou a estar formada polos seguintes membros,

Membros corporativos,

- D. Pablo Pérez Pérez
- D.^a Ana María Villarino Pardo

Persoal técnico,

- D.^a Mónica Legaspi Díaz
- D.^a Begoña Álvarez Matos
- D.^a Paloma Domínguez Ferro, substituída dende o 25 de xaneiro de 2023 (Resolución de Presidencia nº 2023/1184) por D. José Luis Suárez Martínez.

Para a representación da Xunta de Galicia na Comisión de Estudo para a realización da memoria xustificativa con respecto á forma de xestión do servizo de intervención en emerxencias do Consorcio Provincial de Ourense, o vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, acordou designar inicialmente (notificación asinada o 27 de xullo de 2020 polo Director Xeral de Emerxencias e interior, Don Santiago Villanueva Álvarez), ás seguintes persoas,

A) Membros corporativos do ente consorciado Xunta de Galicia:

Titulares:

- Director/a xeral de Emerxencias e Interior.
- Director/a xeral de Administración Local.

Suplentes:

- Delegado/a territorial da Xunta de Galicia en Ourense.
- Subdirector/a xeral de Réxime Xurídico Local.

B) Parte técnica:

Titulares:



- Subdirector/a xeral de Seguridade e Coordinación.
- Secretario/a territorial da Delegación Territorial de Ourense.
- Xerente da Axencia Galega de Emerxencias.

Suplentes

- Xefe/a do Servizo de Seguridade da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- Xefe/a do Servizo de Protección Civil da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- Xefe/a territorial da Consellaría de Presidencia, AAPP e Xustiza de Ourense.

O 29 de decembro de 2022, a través do sistema de interconexión de rexistros, achégase a Orde pola que se designan aos representantes da Xunta de Galicia nos órganos do Consorcio Provincial de Ourense. Na dita Orde, para a comisión de estudo para a realización da memoria xustificativa da forma de xestión do servizo de intervención en emerxencias contra incendios e de salvamento, noméanse as seguintes persoas,

A) Membros corporativos:

Vogais titulares:

- A persoa titular da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local.

Vogais suplentes:

- A persoa titular da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ourense.
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Local, da Dirección Xeral de Administración Local.

B) Membros técnicos:

Vogais titulares:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Seguridade e Coordinación da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- A persoa titular da Secretaría da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ourense.
- A persoa titular da Xefatura Territorial da Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes en Ourense.

Vogais suplentes:



- A persoa titular do Servizo de Seguridade da Dirección Xeral de Emerxencias e de Interior.
- A persoa titular do Servizo de Protección Civil da Axencia Galega de Emerxencias.
- A persoa titular da Xerencia da Axencia Galega de Emerxencias.

Debemos ter en conta que na sesión do Pleno do Consorcio realizado o 2 de xullo de 2020, acordouse que formaban tamén parte da citada Comisión, a persoa titular da xerencia do Consorcio e a persoa titular da secretaría.

De acordo co previsto no artigo 97.1.b) do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Comisión de estudo deberá elaborar unha memoria relativa aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da actividade económica da que se trate, na que deberá determinarse a forma de xestión, entre as previstas pola lei, e os casos en que debe cesar a prestación da actividade. Deberá acompañarse dun proxecto de prezos do servizo, cuxa fixación terá en conta que é lícita a obtención de beneficios aplicable as necesidades xerais da entidade local como ingreso do seu orzamento, sen prexuízo da constitución de fondos de reserva e amortizacións.

Unha vez elaborada a memoria, esta deberá ser obxecto de exposición pública despois de ser tomada en consideración pola Corporación, e por un prazo non inferior a 30 días naturais, durante os que poderán formularse observacións polos particulares e entidades.

Finalmente, procederá a aprobación do proxecto polo pleno da entidade local.

13.- INTEGRACIÓN DO PERSOAL AFECTO AO SERVIZO. A SUBROGACIÓN DOS TRABALLADORES.

Unha vez iniciado o procedemento para o cambio de xestión do servizo, procede analizar a situación xurídica dos traballadores que viñan prestando os seus servizos na empresa adxudicataria do contrato do servizo de intervención en emerxencias dos parques comarcais de Verín, A Limia, Valdeorras e O Carballiño-O Ribeiro, a súa subrogación e o seu proceso de integración no emprego público.

A) Análise da situación legal, xurisprudencial e doutrinal anterior á STS 270/2022, do 28/01/2022.



No aspecto normativo, cabe destacar, en primeiro lugar, que a vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público dispón, no seu artigo 130.3, que: *"no caso de que unha administración pública decida prestar directamente un servizo que ata a data viña sendo prestado por un operador económico, virá obrigada á subrogación do persoal que o prestaba se así o establece unha norma legal, un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral"*.

Así, a referencia que fai o dito precepto á norma legal, pode entenderse realizada ao artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (TRLET) e, mesmo, á Directiva 2001/23/CE do Consello, de 12 marzo de 2001 sobre a aproximación das lexislacións dos estados membros relativas ao mantemento dos dereitos dos traballadores en caso de traspasos de empresas, de centros de actividade ou de partes de empresas ou de centros de actividade, aplicable segundo o seu artigo 1.1. c) a empresas tanto públicas como privadas que exerzan unha actividade económica, con ou sen ánimo de lucro.

O citado artigo 44.2 do TRLET indica que: *"para os efectos do previsto neste artigo, considerarase que existe sucesión de empresa cando a transmisión afecte a unha entidade económica que manteña a súa identidade, entendida como un conxunto de medios organizados co fin de levar a cabo unha actividade económica, esencial ou accesoria"*.

Aínda que o citado artigo 44 non se refira expresamente ás administracións públicas, cabe entender que é de plena aplicación, xa que vén traspoñer a Directiva 2001/23/CE, do 12 de marzo, sobre a aproximación das lexislacións dos estados membros relativas ao mantemento dos dereitos dos traballadores en caso de traspasos de empresas, de centros de actividade ou de partes de empresas ou de centros de actividade. No artigo 1.1.c da devandita norma afirma: *"A presente Directiva será aplicable a empresas tanto públicas como privadas que exerzan unha actividade económica, con ou sen ánimo de lucro. A reorganización administrativa das autoridades públicas administrativas e o traspaso de funcións administrativas entre autoridades públicas administrativas non constituirán un traspaso a efectos da presente Directiva"*.

A dita interpretación fundaméntase tamén na nova regulación recollida en materia de contratos das administracións públicas contida no citado artigo 130 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, baixo o título *"Información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo"*.



- A figura da sucesión de empresa.

Procede en primeiro lugar analizar a figura da sucesión de empresa. Esta figura require que a transmisión afecte a unha entidade económica que manteña a súa identidade, entendida como un conxunto de medios organizados co fin de levar a cabo unha actividade económica. Conforme a unha consolidada doutrina xurisprudencial, o feito de que un novo suxeito continúe a actividade económica realizada antes por outro, non supón transmisión de empresa se a dita continuidade non vai acompañada da transmisión, do cedente ao cesionario, da organización produtiva necesaria para desenvolver a devandita actividade.

A circunstancia de que a administración continúe ou renove a prestación do servizo coas mesmas infraestruturas, instalacións, maquinaria... que as utilizadas pola empresa que antes prestaba o devandito servizo, determina a sucesión empresarial conforme co artigo 44 TRLET e iso á marxe do título xurídico que xustifique a disposición sobre a devandita organización produtiva. O Tribunal Supremo é contundente ao afirmar que *"mantivemos –tratándose de administracións públicas– que a reversión dun servizo público desde unha empresa concesionaria a unha entidade pública, que acorda seguir prestando directamente e sen solución de continuidade o devandito servizo coa mesma infraestructura e persoal da devandita empresa, leva consigo a aplicación do artigo 44 ET (SSTS 30-5-2011), para o servizo municipal de retirada de vehículos; 26-1-2012 para servizo público asistencial)".* Tamén o Tribunal Supremo admitiu que a terminación dunha concesión administrativa podería determinar a subrogación da administración nos contratos de traballo. Así, –para os efectos de valorar un acordo municipal de condicións de traballo que impoñía a obrigaón de incorporar nos pregos de condicións de subrogación dos traballadores entre os sucesivos concesionarios–, afirma que: *"Hai que partir así da base de que, vencido un contrato de adxudicación dun servizo público do que é titular a administración, o devandito servizo reverte xuridicamente na administración, co que operará respecto dela a obrigaón legal de subrogarse nos contratos dos traballadores empregados pola adxudicataria no servizo"* (STS 30/04/2014) .

A doutrina de suplicación sinalou, no mesmo sentido, que cando un concello, tras a rescisión do correspondente contrato ou concesión administrativa, continúa prestando o mesmo servizo ou actividade nas mesmas instalacións e cos mesmos medios que viña empregando o contratista ou concesionario, é posible apreciar a concorrencia dos elementos determinantes da sucesión empresarial e resulta



aplicable, por tanto, o réxime previsto no artigo 44 ET. Así ocorre, por exemplo, no caso de recuperación polo concello da xestión e explotación do servizo público de asistencia xeriátrica que leva a cabo nun centro residencial (SSTS 26/01/2012 e 11/06/2012), cando reverte ao concello o servizo de guindastres municipais (STSJ Estremadura 12/01/2012) ou a xestión do cámping municipal (STSJ Andalucía 13/01/2009). Hai algún caso especialmente significativo como o que se expón cando o concello rescinde unilateralmente, por incumprimentos do concesionario, a concesión de explotación do palacio de exposicións e congresos (PEC) e continúa a actividade (STSJ Asturias de 31/10/2014). Tratábase dun contrato administrativo mixto no que se acordaba a construción do PEC pola empresa concesionaria, e a explotación deste en réxime de concesión por un período de 50 anos. Sinala a sentenza que: *"Cando se realizou o contrato, o PEC non fora construído e por conseguinte non era explotado, pero como consecuencia da resolución contractual o concello entrou na posesión dos bens que permiten a actividade e continuou sen interrupcións coa celebración de congresos, mesmo dos programados con anterioridade (...). A actividade continuou co Concello de Oviedo nas mesmas instalacións e basicamente cos medios materiais e bens recibidos, así como aproveitando o traballo de preparación de congresos realizado previamente. As variacións na organización e nos traballadores son de importancia menor en comparación cos elementos recibidos e aproveitados, que proporcionaban unha estrutura estable grazas á cal o Concello puido continuar sen paralizacións a celebración de eventos. O recorrente recibiu unha entidade económica que mantivo a súa identidade despois da transmisión ou o traspaso, polo que concorren os requisitos para considerar producida a sucesión empresarial, de acordo co art. 44.1 ET e a xurisprudencia nacional e comunitaria"*.

Non pode deixar de advertirse que esta solución xudicial se apoia nunha interpretación que contradí abertamente a doutrina do propio Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Supremo que, en numerosas ocasións, reiteraron que non é necesario que cedente e cesionario se transmitan a propiedade sobre as instalacións, medios ou elementos que integran a unidade produtiva para que se aprecie transmisión de empresa. O relevante é o cambio na titularidade dos poderes de disposición sobre a entidade económica. O feito de que as instalacións ou infraestruturas pertencen á empresa principal, a que externaliza, e as poña ao dispor da empresa contratista para que desenvolva o servizo, non foi un obstáculo para apreciar sucesión de empresa. Moi ao contrario, a dita circunstancia considerouse determinante para declarar sucesión de empresa cando se externaliza e tamén cando



se recupera o servizo externalizado con recuperación das instalacións e infraestruturas.

A cuestión foi abordada pola STJUE 26-11-2015 (Asunto C-509/2014, Luís Aira Pascual) que se pronuncia nunha cuestión prejudicial exposta por un tribunal español. O asunto controvertido suscítase cando a empresa pública ADIF decide prestar directamente e co seu propio persoal a actividade económica de manipulación de unidades de transporte intermodal. Ata entón, a dita actividade víñase realizando por unha empresa privada en virtude dun contrato de xestión de servizos públicos. A dita empresa desenvolvía a actividade contratada nas instalacións de ADIF e coas infraestruturas e equipamento necesario propiedade tamén de ADIF. Ao terminar o prazo previsto no contrato, ADIF pon fin a este para explotar a devandita actividade co seu propio persoal. Por mor da dita decisión, a empresa tramitou un despedimento colectivo que foi impugnado por un dos traballadores afectados por considerar que o suposto constituía unha sucesión de empresas e que tiña dereito a incorporarse ao persoal de ADIF. O que se pregunta ao TJUE é precisamente se *"o concepto de transmisión de empresa no sentido da Directiva 2001/23 comprende os supostos en que unha empresa titular dun servizo público asume a xestión directa do devandito servizo e nos que, por unha banda, esa empresa decide recorrer ao seu propio persoal para realizar esa xestión, sen facerse cargo do persoal do contratista ao que encomendara anteriormente a xestión e, por outra banda, os medios materiais utilizados, esenciais para a realización do servizo, pertenceron sempre á devandita empresa, que impoñía o seu uso ao contratista"*. O Tribunal europeo considera perfectamente aplicable a Directiva a un suposto como o sinalado, e faino tras advertir a importancia que, neste tipo de actividade, presentan os elementos materiais que integran a organización produtiva. Certamente, o Tribunal non dá o paso definitivo e conclúe sinalando que lle corresponde ao xuíz de remisión decidir *"se existiu ou non unha transmisión de empresa no litixio principal"*, o que deberá facer valorando as circunstancias concorrentes para decidir se o transmitido constitúe unha auténtica entidade económica. Con todo, podería deducirse que a circunstancia de que os bens que integran a unidade produtiva pertencen á propia administración, que decidiu nun momento determinado ceder o seu uso e despois recuperalo, non é un obstáculo para apreciar a sucesión de empresa.

Aplicada esta doutrina da reversión do servizo ao Consorcio Provincial de Ourense, hai que sinalar que cabe encadrala dentro do suposto legal de sucesión de empresa xa que ao producirse a reversión, o contratista traspasa un conxunto de medios materiais organizados (instalacións do parque, instrumentos de traballo, medios



técnicos, vehículos, etcétera) que lle permiten á administración pública continuar, por si mesma, sen solución de continuidade e con normalidade, coa prestación da actividade ou servizo de extinción de incendios e salvamento.

O "traspaso ou transmisión" dos mencionados elementos, non debe entenderse en sentido estrito, isto é, soamente como transmisión da propiedade daqueles da empresa concesionaria á administración pública, senón que debe interpretarse amplamente, de modo que tamén inclúa aqueles supostos nos que, máis que unha verdadeira transmisión da propiedade, se produce unha "recuperación" da posesión e disposición dos bens, na medida en que estes lle pertenceron sempre á administración pública (a cal llos cedía, previamente, á empresa adxudicataria do contrato de servizos).

Por tanto, neste suposto de cambio de xestión do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento de Ourense, prodúcese a sucesión de empresa do artigo 44 TRLET e, por iso, os traballadores da empresa contratista teñen dereito de subrogación polo Consorcio ou, máis claramente, teñen dereito a que o cambio de titular empresarial -en por si- non afecte ao seu status laboral, isto é, ao tipo de contrato e condicións laborais que viñan gozando naquela empresa.

A idea orixinal tanto do TRLET como da citada Directiva comunitaria é que os traballadores non se vexan afectados negativamente polo referido cambio de empresario, xa que están adheridos e ligados á entidade económica transmitida, que mantén a súa identidade tras a variación daquel.

No momento da transmisión ou reversión do servizo, os traballadores da entidade cedente (a empresa adxudicataria do contrato do servizo) pasan á entidade adquirente (o Consorcio Provincial) nas mesmas condicións laborais que tiñan con anterioridade, polo que conservan o tipo de contrato (indefinido) e as condicións de traballo anteriores, incluídas as recoñecidas por convenio colectivo.

- Condición xurídica da subrogación do persoal.

Procede analizar agora a condición na que se subroga o persoal procedente da empresa adxudicataria do contrato de servizos. En primeiro lugar cabe sinalar que un sector maioritario da doutrina sostíña que a incorporación debía facerse a título de "persoal indefinido non fixo", figura creada pola xurisprudencia e, posteriormente, polo lexislador no artigo 8.2. c) do Estatuto Básico do Empregado Público, actualmente do TRLEBEP. Sen embargo outro sector doutrinal, en cambio, era partidario da tese que defende a incorporación dos traballadores procedente dunha



reversión de servizos a través da figura do persoal "a extinguir" ou do persoal subrogado, mantendo a súa indefinición e a súa fixación aínda que sen ostentar a condición de empregado público. A declaración do vínculo como "a extinguir" considérase tecnicamente deficiente e presupón a introdución dunha idea última de conxelación da situación actual, pouco dinámica e evolutiva, que casa mal co principio de mantemento de dereitos, sen prexuízo das súas posibles adaptacións. Ademais, no dereito do emprego público, o concepto "a extinguir" predícase das prazas, e o que non existe é a condición de persoal "a extinguir".

A doutrina contenciosa, que avalou esta figura no marco dos procesos de reestruturación do sector público, viña sinalando que o devandito persoal non transforma o seu réxime xurídico; os seus contratos continúan sendo laborais e da mesma clase, de acordo coas modalidades de contratación contempladas no artigo 8 do TREBEP, sen que a subrogación, que é unha simple aplicación da Directiva e da norma laboral, os altere ou modifique dando lugar a un tipo de traballador público distinto, e sen que supoña o engadido dunha gratificación adicional ao "status" laboral previamente definido. Polo demais, o dito persoal só poderá pasar ao emprego público da correspondente entidade matriz se supera os correspondentes procesos selectivos, co que a operación de traspaso non supón unha afectación das esixencias de mérito e capacidade para o acceso ás funcións públicas.

A figura do persoal laboral en prazas "a extinguir", ou se se quere, a posición do persoal laboral que foi obxecto dun proceso de subrogación pero que non é empregado público, recibiu o aval do lexislador orzamentario estatal.

Así, no apartado primeiro da disposición adicional vixésimo sexta da Lei 3/2017, 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 baixo o epígrafe "*Limitacións á incorporación de persoal laboral ao sector público*", establecía que:

"Un. Con efectos dende a entrada en vigor desta Lei e vixencia indefinida, as administracións públicas do artigo 2 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non poderán considerar como empregados públicos do seu artigo 8, nin poderán incorporar na dita condición nunha administración pública ou nunha entidade de dereito público: (...)

Ao persoal laboral que preste servizos en sociedades mercantís públicas, fundacións do sector público, consorcios, en persoas xurídicas societarias ou fundacionais que se integren nunha administración pública. Ao persoal referido nos apartados



anteriores seranlle de aplicación as previsións sobre sucesión de empresas contidas na normativa laboral".

Polo tanto a disposición adicional vixésima sexta e trixésima cuarta da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, parecía admitir a sucesión de empresa conforme coa normativa laboral para os traballadores dos contratistas de concesións de obras ou de servizos públicos ou de calquera outro contrato adxudicado polas administracións públicas, cando devanditos contratos extinguísen polo seu cumprimento ou pola súa resolución, pero sen que a subrogación supuxese a súa consideración ou integración como empregados públicos, á vez que se rexeitaba explicitamente a posible atribución da condición de indefinido non fixo ao persoal das empresas que tivesen un contrato administrativo coa administración respectiva no momento da súa finalización.

As regulacións citadas mantivéronse na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, con base na súa disposición adicional cuadraxésima terceira e disposición final cuadraxésima segunda, que suprimía o último parágrafo da disposición adicional vixésima sexta. un da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, é dicir, concretamente a referencia feita á integración dos traballadores dos servizos recuperados de conformidade coas previsións sobre sucesión de empresas contidas na normativa laboral. Unha corrección que parecía concorde co enunciado feito no artigo 130.3 da LCSP que se refire a calquera norma legal, xeral ou especial, ou a un convenio ou acordo colectivo como fundamento último do proceso de subrogación.

Agora ben, a regulación exposta foi radicalmente modificada pola sentenza do Tribunal Constitucional de 31 de outubro de 2018 pola que se declara inconstitucional o apartado un da DA 26ª da Lei de orzamentos de 2017, xa que, segundo a argumentación do Tribunal, o contido dese apartado non integra o contido esencial da norma orzamentaria e súa constitucionalidade depende de que atope o encaixe no denominado contido eventual das leis de orzamentos. Polo tanto, razoa o Tribunal, debe examinarse *"a inmediatez da conexión da norma controvertida co obxecto do orzamento, a habilitación de gastos e a estimación de ingresos"*.

E, unha vez feito o dito exame, o Tribunal Constitucional resolveu que o contido do apartado un da DA 26ª non podía ser cualificado como unha medida de contención do gasto público, porque *"tales traballadores serán retribuídos pola administración pública en calquera caso, pois non a outra conclusión conduce a aplicación do réxime laboral (sucesión de empresas). Por isto, continúa o razoamento, o que fai*



estritamente a norma é incorporar unha precisión do disposto no artigo 8 EBEP, o que conduce á conclusión de que se trata dunha medida regulatoria, de carácter substantivo, que de acordo coa doutrina consolidada do Tribunal, non pode encontrar acomodo nunha lei de presupostos”.

Polo tanto e, unha vez declarado inconstitucional o apartado un da citada Disposición Adicional 26, a regulación realizada pola citada Lei de Presupostos do Estado, non quedou xénero de dúbidas sobre a obrigatoriedade da subrogación do persoal das empresa que xestionaron o servizo, unha vez tivo lugar a finalización do contrato.

E, unha vez decidida a prestación directa do servizo e a subrogación do persoal adscrito a este, non cabía senón determinar as condicións na que a dita subrogación debería facerse. Nese momento parecía claro que a subrogación debería facerse coa calidade de empregados públicos, unha vez desaparecida a limitación contida na citada Disposición adicional 26, subrogación cuxas condicións se deberían concretar no propio acordo que determine a mencionada asunción directa da xestión do servizo. E todo isto sen esquecer que a situación anterior se debatía entre a doutrina laboral coa figura doutrinal e xurisprudencial dos indefinidos non fixos, e a doutrina administrativa achegaba outras solucións, como era a do persoal laboral en prazas “a extinguir” que non era empregado público, unha construción que respondía a unha serie de criterios xurisprudenciais que se tentaron plasmar na orde xurídica positiva a través das disposicións agora anuladas, pero que indubidablemente tiña en contra a súa falta de madurez e desenvolvemento xurídico.

Pero non podemos esquecer que o propio artigo 130 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de continua referencia, condiciona a subrogación a que esta veña contemplada “*nunha norma legal, un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral*”.

Pois ben, con data 14 de decembro de 2018 adoptouse, no Consello Galego de Relacións Laborais, o “PREACORDO MARCO GALEGO DE EFICACIA XERAL SOBRE SUBROGACIÓN EN CASO DE RECUPERACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO”, acordo adoptado entre as representacións das deputacións provinciais de Lugo, Ourense, Pontevedra e A Coruña, e as representacións das organizacións sindicais que conforman a Mesa Intersindical Galega, no que en relación co citado artigo 130 da Lei 9/2017, de 8 de novembro e con base no recollido no artigo 83.3 do Estatuto dos Traballadores, manifestan que o citado acordo: “*ten a natureza xurídica que a lei lles recoñece aos convenios colectivos e a efectividade dun acordo sobre unha materia concreta: a subrogación*



do persoal operativo das empresas concesionarias e/ou contratistas de servizos, no caso de recuperación da prestación dun servizo previamente externalizado por concesión administrativa e/ou prestado a través dun contrato de servizos".

O citado preacordo dispón que "no momento en que algún dos Consorcios provinciais contra incendios e salvamento decida a xestión directa do servizo- a proposta no seu caso, da deputación provincial correspondente- será obrigatoria a subrogación do persoal operativo que permaneza no servizo, segundo os termos contidos no acordo que se alcance coa representación sindical lexitimada, co carácter transitorio que expresamente se estableza.

O prazo máximo que poderá discorrer en calquera caso, ata a convocatoria do proceso selectivo correspondente, non poderá superar a duración dos contratos de interinidade para a cobertura definitiva de vacante, actualmente fixada en tres anos". "Este preacordo será sometido á súa aprobación polos plenos dos consorcios provinciais contra incendios e salvamento, para seu perfeccionamento como acordo".

Polo tanto o preacordo citado, unha vez ratificado, cumpre, por unha banda, o requisito establecido no artigo 130 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, e, por outra, sinala o prazo máximo no que se terán que realizar los procesos selectivos, que marcaba en tres anos. Este preacordo marco de eficacia xeral debe ser aprobado polo pleno do Consorcio Provincial de Ourense.

En relación co réxime xurídico dos traballadores subrogados polo Consorcio, tendo en conta que o artigo 23 dos Estatutos do Consorcio, que dispón que "o persoal ao servizo do Consorcio estará integrado por: b) O persoal de prevención e extinción de incendios e salvamento, en réxime de persoal laboral do consorcio" , por tanto só poden ser, na actualidade, traballadores suxeitos ao dereito laboral e non funcionarios públicos.

B) Situación tras a sentenza STS 270/2022, sala do social do 28/01/2022.

A Sala do Social do Tribunal Supremo ditou a sentenza 270/2022 de data 28/01/2022, (recurso nº 3781/2020, ECLI:ES:TS:2022:270) que ven resolver un recurso de casación para a unificación de doutrina. contra sentenza nº 226/2020 ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra, do 8 de outubro de 2020, no recurso de suplicación nº 189/2020, interposto fronte a sentenza nº 142/2020 do 24 de xullo de 2020, ditada polo Xulgado do Social nº 3 de Pamplona, nos autos nº 117/2020 contra o Concello de Pamplona, sobre recoñecemento do



dereito dunha traballadora dunha empresa privada, cando pasa a ter como empregador ao Concello de Pamplona, como consecuencia da subrogación por transmisión dunha unidade produtiva autónoma, debendo resolver se se mantén a súa condición de fixa ou se integra como persoal indefinido non fixo (PINF).

Cabe destacar que no mesmo sentido se ditaron tamén, por orde cronolóxica as seguintes sentencias: STS 445/2022 de data 28/01/2022 (rec. Nº 3779/2020-ECLI:ES:TS:2022:445); a STS 446/2022 de data 31/01/2022 (rec. Nº 3775/2020-ECLI:ES:TS:2022:446); a STS 428/2022 de data 01/02/2022 (rec. Nº 3777/2020-ECLI:ES:TS:2022:428) e a STS 611/2022 de data 02/02/2022 (rec. Nº 3772/2020-ECLI:ES:TS:2022:611).

No recurso de casación para a unificación de doutrina 270/2022 do 28/01/2022, a primeira das referidas sentenzas que se ditou neste sentido, a Sala do Social do Tribunal Supremo entende que, tanto o propio concepto de subrogación como a súa regulación, inclusive ao amparo de normas da Unión Europea, esixen que o novo empregador se subroga nas relacións laborais de carácter fixo sen alterar esa condición.

En segundo lugar, destaca a sentenza que a categoría de PINF é inadecuada para resolver os eventuais conflitos entre a anterior conclusión e as esixencias constitucionais sobre acceso ao emprego público respectando determinados principios.

A sentenza 270/2022 do 28/01/2022, analiza, no seu fundamento xurídico 5º.1 o alcance da "subrogación" respecto da modalidade contractual previa e no apartado primeiro o alcance do artigo 44 do Estatuto dos Traballadores e indica:

"Ven o anterior significar que o réxime subrogatorio debe considerarse como un conxunto de previsións e que non é admisible a súa fragmentación, nin sequera cando a transmisión da unidade produtiva deriva da norma que pretende parcelar esa regulación e aplicar só unha parte dela.

Con cita de abundante doutrina, a STS 78/2021 de 21 xaneiro (rc. 47/2019) lembra que para determinar o alcance do artigo 44.1 ET vimos atendendo á súa finalidade: favorecer a estabilidade no emprego ante un cambio de empregador para que os afectados polo devandito mecanismo poidan manter ante o novo empresario os mesmos dereitos que tiña recoñecidos co anterior. "A empresa entrante pasa a ocupar o lugar da saínte respecto dos concretos traballadores afectados polo cambio empresarial sen que iso se altere polo mero feito de que a dita situación opere sobre



unha unidade produtiva autónoma e sobre a maioría ou a totalidade dos que a ela estean adscritos". Do artigo 44.1 ET non deriva un mandato directo e explícito para que a traballadora demandante manteña a condición de fixa, pero si unha regulación cuxa clara finalidade é que o tipo de vinculo existente conserve as súas características, sen alteración, como consecuencia do cambio de empregador".

A sentenza tamén estuda, no citado fundamento xurídico 5º.2 o alcance da Directiva 2001/23/CE do Consello, do 12 de marzo de 2001. Esta Directiva ocúpase da aproximación das lexislacións dos estados membros relativas ao mantemento dos dereitos dos traballadores en caso de traspasos de empresas, de centros de actividade ou de partes de empresas ou de centros de actividade.

Como manifesta o texto introdutorio, ten como obxecto "*protexer aos traballadores en caso de cambio de empresario, en particular para garantir o mantemento dos seus dereitos*" (Considerando 3 da Directiva 2001/23; e STJUE 16/Outubro/2008, asunto Kirtruna, S.L , ap. 43), de maneira que "*o cedente continúe sendo, despois da data de transmisión, e xunto ao cesionario, responsable das obrigacións derivadas dun contrato de traballo ou dunha relación laboral, o que supón que, en todo caso, as ditas obrigacións se transfiren ao cesionario nesa mesma data*" (SSTJUE 14/novembro/1996. asunto Rotsart de Hertaing , ap. 23: e 26/Maio/2005. asunto C478/03 , ap. 40).

Interesa advertir que a norma é aplicable "*a empresas tanto públicas como privadas que exerzan unha actividade económica, con ou sen ánimo de lucro. A reorganización administrativa das autoridades públicas administrativas e o traspaso de funcións administrativas entre autoridades públicas administrativas non constituirán un traspaso a efectos da presente Directiva*".

Deste xeito, que o cesionario da actividade sexa unha persoa xurídica de Dereito Público non exclúe a existencia dunha transmisión comprendida no ámbito de aplicación da norma, con independencia de que a dita persoa xurídica sexa unha entidade pública encargada dun servizo público. Que o novo empregador sexa (como no caso de Pamplona) un concello non impide que a Directiva se aplique á transmisión das actividades que desenvolvía unha empresa (STJUE 20 de xullo de 2017, Piscarreta Ricardo, C-416/16).

Como é lóxico, o mantemento dos dereitos das persoas afectadas aparece plasmado de maneira clara; o artigo 3.1 dispón que "*os dereitos e obrigacións que resulten para o cedente dun contrato de traballo ou dunha relación laboral existente na data*



do traspaso, serán transferidos ao cesionario como consecuencia de tal traspaso". Debe recalcarse que o obxecto da Directiva é garantir, na medida do posible, a continuación dos contratos co cesionario, sen modificacións, co fin de impedir que os traballadores afectados se vexan nunha situación menos favorable polo mero feito da transmisión (STJUE do 6 de abril de 2017, Unionen, C-336/15).

